



# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 29/06//2013

Na vila de Vimianzo, ás once horas do vinte e nove de xuño de dous mil trece, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D. Anselmo Ramos Martínez  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. Ramón Santos Vázquez

Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo  
D. José Antonio Miñones Riveiro

Secretario accidental: D. José D. Rodríguez Ferreira, por Resolución da Alcaldía núm. 712 de data 28 de xuño de 2013

Interventora: D. Gema Leal Insua

Antes do comezo da sesión, o Sr. Alcalde escusa a ausencia do concelleiro do PSOE, D. José Antonio Miñones Riveiro, por motivos persoais.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### **1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior correspondente ó día 25 de maio de 2013**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

O Sr. Soto, quere sinalar unha matización a incorporar.

Deste xeito, queda aprobada a acta de data 25 de maio de 2013, coas seguintes matizacións:

O Sr. Soto di que se debe incorporar que no momento de presentar unha moción polo Sr. Soto, a acta di que o Alcalde vaille pasar a palabra o Grupo Popular e non foi así, non dixo que o ía a facer, fixo.

E ordena o Sr. alcalde que se recolla esa alegación e tamén que se recolla unha alegación do alcalde referente ó primeiro debate, o Sr. Portavoz de IxV refírese a actitude chulesca do alcalde, e este último lle pide que non utilice eses termos e lle fai unha primeira advertencia e non unha segunda como figuraba no borrador da acta.

## 2. Proposta da Alcaldía para a modificación da composición das Comisións Informativas

De orde do Sr. Alcalde, polo secretario accidental dáse conta do ditame Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, reunida o tres de abril de 2013, que se transcribe:

### *"PROPOSTA MODIFICACION DA COMPOSICION DAS COMISIONS INFORMATIVAS*

*Vista a certificación con RE 1412/13 presentado por D. Pablo García García, secretario de Organización e Acción Electoral da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE, no que certifica que D. José Manuel Rodríguez Blanco e D.ª Montserrat Vázquez Miñones, foron expulsados como militantes do PSdeG-PSOE e, en consecuencia, xa non forman parte do grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Vimianzo.*

*Vista a comunicación con RE 1438/13 presentado por D. José Antonio Miñones Riveiro, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE na Corporación Municipal de Vimianzo, no que comunica como queda integrado o grupo municipal do PSdeG-PSOE, dende a expulsión como militantes de D. José Manuel Rodríguez Blanco e D.ª Montserrat Vázquez Miñones.*

*Vistas as notificacións de perda da condición de afiliado e afiliada ó PSOE de D. José Manuel Rodríguez Blanco e D.ª Montserrat Vázquez Miñones, asinadas por D. Juan Manuel Aceña Velasco, Comisión Executiva Federal PSOE.*

*Tendo en conta ó establecido na lexislación de aplicación, propónse ó Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- As Comisións Informativas Permanentes estarán compostas polos seguintes membros:*

- Alcalde, como presidente*
- 1 representante do BNG*
- 1 representante do PP*
- 1 representante de IxV*
- 1 representante do PSOE*
- 1 concelleiro non adscrito*

*SEGUNDO.- No prazo de cinco días, cada un dos voceiros dos grupos municipais, comunicará á Secretaría municipal o nome do seu representante e suplente en cada Comisión, e cada concelleiro non adscrito o nome das Comisións das que formará parte."*

*O Alcalde explica que esta proposta está motivada pola situación xerada no concello tras a expulsión dos concelleiros do PSOE.*

*Iníciase o turno de intervencións:*

*O Sr. Miñones Rivero (PSOE) di que se vai abster ata o pleno.*

*O Sr Soto (Ixv) di que o escrito foi presentado por Marisol Soneira. Di que isto non é a solución.*

*Sometida a votación, a proposta ditamínase favorablemente, con 2 votos a favor (BNG), un voto en contra (IxV) e unha abstención (PSOE)."*

*O secretario comenta tamén, que este asunto quedou sobre a mesa segundo acordo do Pleno de data seis de abril de 2013.*

Aberto o turno de intervencións, o Sr. alcalde lembra que o argumento fundamental para que quedara sobre a mesa era que se estaba a espera dunha decisión xudicial ao respecto dunha solicitude de medidas cautelares ao respecto da súa expulsión. Segundo o Alcalde a proposta que se fixo no seu momento e unha proposta xenerosa para cumprir coa obriga que ten o alcalde de dirixir os debates políticos e darlle a participación como corresponde e democracia a todo o mundo de acordo co sinalado nas leis e na xurisprudencia, e nese sentido ninguén cuestiona que os concelleiros non adscritos teñan dereito a participar nas comisións informativas tal como sentenciou o tribunal constitucional no seu momento. Continua o alcalde dicindo que consta un



# Concello de Vimianzo

auto do Xulgado de Corcubión nº 1, do 29 de abril, onde nos seus fundamentos de dereito di: "de este modo non se comparte a apreciación de que as resolucións invocadas hallan vulnerado o dereito fundamental para a participación política dos demandantes na medida en que a expulsión denunciada non lles impide seguir participando en asuntos públicos municipais. O efecto da expulsión dos demandantes do partido al que pertencían determina que pasen a unha situación de non adscritos a ningún grupo político". Evidentemente o auto como é coñecido, desestima esas medidas cautelares, polo tanto, ata que non se resolva definitivamente, cautelarmente son non adscritos, polo tanto os motivos que se aducían no seu momento para que quedara sobre a mesa, están claramente superados e nese senso faise un chamado aos grupos da corporación para darlle unha saída a este asunto e non sexa un foco de conflito permanente, polo menos pola parte do alcalde non o vai a ser, senón que todo o contrario.

Recorda o Sr. Soto, que cando un punto queda sobre a mesa, a obriga e levalo no seguinte pleno. E dende esta data do seis de abril xa houbo tres plenos, pedindo que conste en acta, porque isto ten os seus efectos e transcendencia porque hai membros desta escollidos polo pobo e esta sendo prexudicados.

Continúa dicindo que por qué o alcalde faga unha proposta, non significa que a proposta sexa boa ou mala é a súa. Incluso polo que el ten entendido segundo o auto do xulgado teñen que pasar a algo que non existe o grupo mixto, dígolle que me parece que lle cercena os seus dereitos, porque vostede esta tratando a dous concelleiros deste pleno como se foran un grupo, lesionándolle o seu dereito de participar individualmente nos asuntos públicos.

Así o Sr. Soto di que vai a facer unha emenda o acordo presentado polo Sr. Alcalde, sendo a súa proposta a seguinte: aquí somos trece concelleiros, onde o grupo do BNG ten catro, e propón que o alcalde forme parte da comisión e o seu voto valga por catro, que IxV forme parte da comisión e o seu voto valga por tres, que PP son tres e que o seu voto valga por tres, o representante do PSOE como ten agora mesmo un só concelleiro nesta corporación que o seu voto valga por un, e formen parte dela Jose M. Rodríguez Blanco e Monserrat Vázquez Miñones. E segundo o Sr. Soto non incrementa para nada os seus dereitos políticos, e o seu voto adquire o peso que ten no Pleno, non estando infrarepresentados nin sobrerrepresentados, polo que propón que as comisións funcionen polo sistema de voto ponderado, e pensa que o sistema mais equitativo para que as comisións que non son mais que o reflexo da vontade popular e os votos conseguidos nas eleccións correspondentes, quedando formadas tal como dixo. E acaba solicitando que esta emenda se someta a votación

O Sr. Amado di que esta de acordo coa proposta presentada polo Sr. Soto

O Sr. Mancebo di que esta nova proposta debería contar cos informes pertinentes, porque aínda que o Sr. Soto di que non mellora os dereitos que estes concelleiros tiñan antes, eu entendo que si os mellora. No pleno de constitución todos estivemos de acordo en facer un reparto para a asistencia as comisións e esta nova proposta dálle mais dereitos dos que tiñan antes, e isto vai en contra da normativa actual que di que ningún caso os concelleiros non adscritos, é dicir, aqueles que pola lei antitransfuguismo que se intenta evitar que tiñan dereitos que tiñan anteriormente. E a forma que presenta o Sr. Soto, pasan a ter unha representación superior a que tiñan antes, polo que iría contra a lei, e ademáis coa formula presentada polo Sr. Soto tamén se incrementan os gastos de asistencias as comisións, e habería que ver se hai partidas suficientes para levar a cabo isto, aínda que isto non é tan importante. O que si é importante é que o Pleno de constitución acordou, agora con esta nova reforma pasan a ter mais dereitos agora expulsados do grupo que antes cando pertencían a un grupo político

O Sr. Rodríguez Blanco, di que esta de acordo coa proposta, aínda que xa se levara a un pleno anterior unha proposta para que foran chamados as comisións informativas como estaban anteriormente no PSOE. E quere repetir ao Sr. Alcalde que eles están suspendidos cautelarmente de militancia pero non do partido socialista e segundo o Sr. Rodríguez o Alcalde sabe, e para iso ten documentos que afirman iso. E volvendo o tema deste asunto, esta de acordo coa proposta, porque eles non son grupo, son persoas físicas tendo todo o dereito do mundo a estar nas comisións. Levando catro meses fora de todas as comisións, e non saben quen decidiu iso. E

recorda que está de acordo coa proposta e pide que se vote. Volta a lembrar que eles non son grupo político, e agora lévanse ven pero pode pasar o contrario.

E o Sr. Rodríguez Blanco afirma que eles dous non van a cobrar por ningunha das comisións as que asistan. E non vai a haber problema co tema económico. Precisando que o xuíz non di non adscritos di mixto. E volvendo a reiterar que non van a cobrar por asistencia a comisións.

O Sr Alcalde recorda que el leou a sentenza textualmente. Precisa o Sr. alcalde, despois do requirimento da Sra. Rodríguez Ordoñez, o auto. Tendo isto forza para obrigar. Estando todo o mundo suxeitos o imperio da lei, e o descoñecemento non exime do seu cumprimento nin das súas obrigas, non sendo posible que a lei se interprete de xeito contrario de cómo di textualmente, e afirma que este alcalde non conculcou ningún dereito a obriga deste alcalde e convocar as comisións segundo acordou o Pleno; e o pleno acordou que as comisións estaban formadas por representantes de grupos políticos, por iso o alcalde convocaba os representantes dos grupos políticos. Pero como sabía que lle tiña que dar a oportunidade de participar os non adscritos no primeiro pleno lle dou esa oportunidade e quedou evidentemente sobre a mesa, entre outras cousas, porque os non adscritos votaran que quedara sobre a mesa. Puntualiza iso que quede claro, que aquí ninguén esta vulnerando, e mais se convocan os non adscritos a unha comisión estaría vulnerando a lei, porque estaría incumprindo un acordo plenario, que é quen decide.

Continua o Sr. Alcalde dicindo: "que a parte de presumir hai que ser; sobre todo hai que ser e non presumir. E un demócrata, cando esixe dereitos para un tamén ten que dalos para outros. E o que non se pode cercenar so os dereitos do grupo do BNG, o alcalde preside todas as comisións, e o BNG ten que ter dereito como grupo a participar nas comisións. Pero vindo da súa parte non me extraña, que queira laminarnos, que desarezcamos non me extraña". Segue dicindo que en calquera caso, todo o que plantexan esta disposto a falalo e discutilo, e vaise a facer e ir o vindeiro pleno. Sendo curioso que sexa unha vez mais este Alcalde quen traia unha proposta e é curioso que pola súa parte nos poñen unha vez máis nun problema non formulando en tempo e forma esa proposta. Porque esa proposta ten que ter un informe xurídico e un informe da intervención. Por qué vostede fala do voto ponderado, e é certo que a Lei de administración local de Galicia fala do voto ponderado pero tamén é certo que a xurisprudencia é contraria a este. E nos temos que saber moi ben se podemos aplicar ou non o sistema de voto ponderado, porque debemos saber se estamos cumprindo a lei ou incumpríndoa, e iso téñennos que informar os xurídicos, por iso cree que esta non é unha formula nin leal nin democrática de proceder nun debate político con honestidade e honradez.

O alcalde dálle a palabra a Sra. Interventora.

A Sra. Interventora di que considera que xuridicamente hai moita dúbida, falando en nome da secretaría e da intervención, e hai que sopesar as diferentes propostas e se é posible concretar coa Deputación, xa que é moi complexo, intentando que sexa algo rápido para que haxa unha participación efectiva de todos os membros, pero mantendo todos os límites da lei. Iso si tramitalo rápido tanto informes como pedir asesoramento para que se resolva dunha vez, debendo quedar sobre a mesa, para poder o mirar ben. E cree a Sra. Interventora que neste caso di: "vai ser necesario que os membros corporativos faledes entre vos".

Pide a palabra o Sr. Soto recorda que aínda non lle acompaña a documentación pero o seu grupo xa presentou no seu día unha proposta para que as comisións funcionaran con voto ponderado, e xamais se trouxo ao pleno. E recórdalle ao Sr Mancebo que IxV xa propuxera que os plenos fosen mensuais, e para que o Concello non tivera mais custo, dividir o importe da asistencia a metade e o Sr. Mancebo como así esta recollido nas hemerotecas que él por vinte e cinco euros non viña a Vimianzo.

Parécelle ven que se fagan os informes, e non lanzarse a piscina, aínda que poderían forzar a votación e quitalo adiante. O seu grupo esta disposto a que se pidan os informes, e para él o voto ponderado e o fiel reflexo da situación plenaria. Se accede a que quede sobre a mesa, unha vez que teña os informes convoque un pleno extraordinario e a ser posible urxente, proponendo que este pleno non se cobre. Para darlle unha solución a situación actual, e acaba pedindo que sexa



# Concello de Vimianzo

coherente e non obrigue a dous concelleiros que actúan de forma individual a comportarse como un grupo.

O Sr. Sambade di que esta de acordo.

O Sr. Mancebo quere matizar que el non viría por vinte e cinco euros nin por cincuenta euros, di que ven gratis todos os días despois de saír do seu traballo a este Concello. Nos estamos a facer un bo traballo, xa llo dixen mais veces, este concello paga o contado, xa lle dixen que me trouxera un listado dos concellos que cumpren cos seus provedores como cumpre o noso concello, ningún provedor cobra a mais de trinta días, non fan así as empresas vinculadas o seu entorno, Sr. Soto. Pero dígolle máis, antes o grupo do PSOE tiña un voto de cinco iso e vinte por cento das comisións, tres de trece e un pouco mais de dous, polo tanto pasan do vinte por cento aumentando os dereitos deses concelleiros. A Sra. Interventora fixo unha voa proposta, que se estudie, e ningún problema que o voto sexa ponderado pero hai que respetar evidentemente a lexislación, non agora que foron expulsados do PSOE, cambiemos a regras do xogo, aínda que sexan contrarias a Lei, para que teñan presenza en todas as comisións. E reflexiona dicindo que teñen que ter presenza, isto e evidente, pero na medida en que lle corresponda.

O Sr. Rodríguez Blanco, di que esta de acordo coa proposta da Sra. Interventora, pero gustaríalle que se puxese unha data, porque levan tres ou catro meses, senón pedimos votar a moción, xa que están cansados desta situación. Ten que ser unha data fixa.

Intervén o Sr. Alcalde, dille ao Sr. Soto, que non lle consta que presentara a moción, cónstalle, que nalgún momento en un discurso falara da posibilidade do voto ponderado, pero non lle consta que presentara unha moción. Continua dicindo que a parte de selo hai que parecelo, aquí non pasa que os non adscritos actúen individualmente, aquí os dous non adscritos os dous do PP que están presentes e os do partido IxV actúan como un bloque.

Puntualiza o Sr. Rodríguez Blanco, como bloque non, como outra cousa.

O Sr. Alcalde, volve a reiterar, que actúan como un bloque. E cometendo un fraude electoral porque vostedes que din sete son máis que catro, non é certo, en democracia e en política non, porque vostedes non se presentaron os sete xuntos. Si se presentaran os sete xuntos, sete son máis que catro, pero vostedes se presentaron por separado, e a quen lle dou o pobo o de ser a forza mais votada foi a nosa. Polo tanto, non valen eses argumentos que son fraudulentos. E nesta Corporación pasou o que pasou e agora estamos vivindo as consecuencias. Despois de varias interrupcións, o Alcalde continua dicindo que a vontade deste grupo cando fixo a proposta porque sempre que se poida chegar a acordos mellor que impoñer decisións e a proposta que se faga sexa minimamente sostible e aínda que teña defectos que sexa de consenso, que son as regras do xogo, e que sexan regras de xogo en común. E esa era a intención que traíamos, ata tal punto que dixen no anterior pleno que era unha proposta excesivamente xenerosa e era cuestionable si se adaptaba ou non polo que supoñía en dereitos políticos e económicos, pero mañan o alcalde vai facer providencia para que por parte dos departamentos correspondentes se emitan os informes e se solicite informe a Asistencia a Municipios da Deputación e cando teñamos eses informes, para o outro día, que conste en acta, fai a convocatoria da comisión, ese e o compromiso do Sr. Alcalde.

Remata dicindo que queda sobre a mesa.

Despois de varias interrupcións o Alcalde faille a primeira advertencia ao Sr. Soto por falar sen estar no seu turno de palabra

O Sr. Soto intervén para dicir que o Sr. Alcalde como responsable do BNG, noutras épocas promoveu pactos contra outras maiorías, como así figura nas hemerotecas, de seis concelleiros de trece, e o Sr. Alcalde dicía que eran pactos de progreso. Así que aparte de selo hai que parecelo.

Queda este asunto sobre a mesa por asentimento, remata o Sr. Alcalde.

### 3. Comunicados oficiais

De orde do Sr. Alcalde, o Secretario accidental dá conta dun escrito da Deputación de A Coruña na que se relacionan as subvencións concedidas a esta entidade. E tamén se da conta dun escrito do xulgado de Corcubión, nº 1, sobre as dilixencias procedemento abreviado 646/2013 pola denuncia do Sr. Manuel Soto Pérez no que solicitan copia da acta autenticada do pleno de 25 de maio de 2013.

### 4. Dación de conta de resolución da Alcaldía

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 25 de maio de 2013, dende a resolución núm. 575, do 27/05/2013 ata a resolución núm. 720, do 28/06/2013. O listado únese a esta acta como anexo y.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria.

O Pleno da Corporación dáse por informado.

### 5. Mocións

Pregunta o Alcalde si o grupo IxV ten algunha moción, e o seu portavoz responde que si e comeza a súa exposición.

Di o Sr. Soto que no seu dereito de presentar mocións, vai a volver a presentar unha moción urxente para que un camiño en Reboredo que esta atrancado cun portal constituíndo un grave risco para a circulación, sexa desatracado e o Concello de Vimianzo recupere un ben que aparentemente e seu e solicita que se someta a votación a urxencia porque o dano leva feito tempo. Indica que él tivo a posibilidade de constatalo hai mes e pico e é unha situación que non se pode soste máis, e veu o pleno por distintos portavoces poñendo no seu coñecemento esta situación, cree recordar dúas veces polo PP e outra polo noso grupo, e vostede mantén a situación a sabendas e o pleno o que ten e que recuperar o camiño que é do Concello de Vimianzo e os camiños son para circular e non son para ter portais no medio. Que o concello de Vimianzo inicie os trámites pertinentes para recuperar o camiño e en canto se comprobe que se trata dun camiño público o primeiro que se faga e quitar de alí os portais e que poida ser empregado.

O Sr. Alcalde contesta que por parte desta Alcaldía xa se ten ditado no seu momento providencia a raíz dunha denuncia que presentou vostede para que se elaboren os informes correspondentes polo servizo de urbanismo. Dicit que supoño que se refire a un camiño ou servidume de paso non o sei exactamente, pero en calquera caso esa cancela que antes era de madeira e agora e de ferro foi colocada antes de que é fose Alcalde. Eu lle digo que si o camiño e público vaise recuperar con todas as consecuencias e ademáis comprométese o Sr Alcalde a na vindeira Comisión de Obras levar este asunto.

O Alcalde da lectura o informe de Secretaría de 6 de abril de 2013 onde na súa conclusión segunda di que o Alcalde como máximo representante da Corporación ten atribuída en exclusiva a competencia de moderar e dirixir os debates da sesión o seu prudente arbitrio. Asemade o artigo 82.3 atribúelle a facultade ("poderá") que non a obriga de someter a votación asuntos non incluídos na orde do día.



# Concello de Vimianzo

E este asunto non está incluído na orde do día e é un asunto de carácter resolutorio e ten trascendencia por antes de tomar unha decisión debemos ter os informes correspondentes ao respecto se o camiño está ou no está, por exemplo, no inventario e ademais dáse outra circunstancia, vostede explicou a súa moción pero en ningún momento no que era o seu turno fixo mención ningunha aos motivos da urxencia. E como vostede non expresou motivos de urxencia, simplemente dixo que hai que votar a urxencia, non se somete a votación, pero lle digo que vai a ser abordado na vindeira comisión de obras.

Pregunta o Alcalde se ten algunha moción mais.

O Sr Soto resposta que no hai peor xordo que o que non quere oír

O Sr Alcalde volta a preguntar se ten algunha moción mais ó Sr. Soto.

Resposta o Sr. Soto que ten máis. E o Alcalde dille que as presente, que presente a seguinte moción. E o Sr. Soto repite que quere presentar esta moción. O Sr Alcalde volta a preguntar se ten algunha moción máis ó Sr. Soto. E o Sr. Soto repite que quere presentar esta moción. O Alcalde dille que lle da a última oportunidade e repite o Sr Alcalde si o Sr. Soto ten algunha moción mais. O Sr Soto di que si. E o Alcalde dille que a presente. O Sr. Soto di que a está presentando, di que vostede fala da urxencia, e non hai peor xordo que o que non quere oír. Repite o Sr Alcalde "Sr Soto dea lectura a moción que quere presentar". O Sr. Soto di que o que o Alcalde acaba de ler e para a formación do orde do día, non para o desenvolvemento do Pleno.

O Alcalde pregunta se o PP ten algunha moción

O Sr. Sambade di que quere que se vote a urxencia da moción presentada polo Sr. Soto.

O Alcalde di que entende que o PP non ten ningunha moción.

Pregunta o Alcalde que si por parte dalgún dos membros de non adscritos teñen algunha moción.

O Sr. Rodríguez Blanco di que si

E o Sr Alcalde pídelles que lle dea lectura

O Sr. Rodríguez Blanco, di que poderá propoñer a moción que propuxo o seu compañeiro Sr. Soto

O Sr Alcalde dille que lea a moción.

O Sr. Rodríguez Blanco di que vai motivar a urxencia da moción presentada polo seu compañeiro de IxV. O Alcalde di que esa moción xa está decidido e pregunta se ten outra moción distinta.

Volve a preguntar o Alcalde. O Sr. Soto pídelles a Secretaría que faga as advertencias correspondentes. O Sr Alcalde chama ao orde o Sr Soto dicíndolle que é a segunda advertencia, retirándolle a palabra. E o Sr. Alcalde dille ao Sr Soto que a próxima interrupción pídelles que abandone a sesión.

Repíte o Sr Alcalde ao concelleiro Sr Rodríguez Blanco se ten algunha moción. O Sr Rodríguez Blanco di que si e o Sr Alcalde dille que dea lectura.

O Alcalde di que é o último aviso, pedindo orde, volve a reiterar se ten algunha moción. (risas)

E o Alcalde di que se pasa o seguinte punto.

## 6. Rogos e preguntas

Pregunta o Sr Alcalde que si por parte de IxV ten algún rogo.

Di o Sr. Soto que lle están presentando mocions os compañeiros.

O Alcalde di que entende que por parte de IxV non hai ningún rogo. Volve a preguntar o Alcalde si o Sr. Soto ten algún rogo que facer.

Contesta que ten mocions que presentar. Volve a preguntar o Alcalde si o Sr. Soto ten algunha pregunta que facer.

Di que ten rogos e ten tamén preguntas.

Di o Alcalde que estamos no sexto punto e pregunta si o Sr. Soto ten algunha pregunta que facer. O Sr. Soto contesta que a velocidade que vamos xa estamos no terceiro pleno do mes que ven.

O Alcalde dálle a palabra o portavoz do PP. E pregunta o Alcalde se ten algún rogo que facer.



O Sr Sambade di o que non se pode consentir e que lle quite a palabra a xente, que lle quite de presentar mocións, como quere que empecemos cos rogos se vostede non deixou presentar as mocións que tiñan aquí os meus compañeiros. Continua dicindo que isto é unha vergoña, unha auténtica vergoña; e di "catro non son máis ca sete, vostede e matemático, e cando lle conven e matemático de resta non de suma" e repite que isto é unha auténtica vergoña o que esta pasando aquí, nin Chaves fai isto en Venezuela di o Sr. Sambade.

O Alcalde di que vostede ten que facer proposta en positivo, e pregunta se ten algún rogo. Volve a preguntar se ten algún rogo ou pregunta que facer. O Sr. Sambade di que é unha vergoña.

Pregunta o alcalde si ten algunha pregunta ou rogo os membros non adscritos. Volve a preguntar o Sr Alcalde. Di o Sr Rodríguez Blanco que é unha vergoña.

O Sr. Alcalde di que lle retira a palabra.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e corenta minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e nove de xuño de dous mil trece.



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
27/05/2013	575	Solicitud de colaboración en relación a celebración de fiestas en honra de Corpus e San Antonio de Baiñas.	10 ALCALDIA
27/05/2013	576	Servizo de escola infantil municipal (cambio de horario).	10 ALCALDIA
27/05/2013	577	Inicio de procedimientos sancionadores de tráfico.	10 ALCALDIA
27/05/2013	578	Expediente licencia de obra núm. 2012/U009/000081 promovido por D. José Alfredo Suárez Suárez.	10 ALCALDIA
27/05/2013	579	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
27/05/2013	580	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
27/05/2013	581	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
27/05/2013	582	Enganche de auga para unha vivenda promovido por D.ª María Teresa Santos Miranda.	10 ALCALDIA
27/05/2013	583	Solicitud de autorización para realizar prácticas en escuela infantil municipal.	10 ALCALDIA
27/05/2013	584	Expediente licencia de obras núm. 2012/U009/000107 promovido por D. José Soto Ogando.	10 ALCALDIA
27/05/2013	585	Contratación de dous oficiais de segunda albanais e un condutor de tractor desbrozador, baixo a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción a xornada completa.	10 ALCALDIA
28/05/2013	586	Enganche de auga para unha vivenda promovido por D.ª Begonia Macías García.	10 ALCALDIA
28/05/2013	587	Concesión do servizo de axuda no fogar municipal.	10 ALCALDIA
28/05/2013	588	Baixa no servizo de axuda no fogar municipal.	10 ALCALDIA
28/05/2013	589	Baixa no servizo de axuda no fogar municipal.	10 ALCALDIA
28/05/2013	590	Baixa no servizo de axuda no fogar municipal.	10 ALCALDIA
28/05/2013	591	Baixa no servizo de axuda no fogar municipal.	10 ALCALDIA
28/05/2013	592	Enganche de auga para unha vivenda promovido por D.ª Alicia Queiro Pérez.	10 ALCALDIA
28/05/2013	593	Baixa na vivenda comunitaria municipal.	10 ALCALDIA
29/05/2013	594	Modificación de datos persoais no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
29/05/2013	595	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
29/05/2013	596	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E DEVOLUCIÓN DE FIANZA	10 ALCALDIA
29/05/2013	597	Nomina de salarios do mes de maio 2013.	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descrición	Órgano de Goberno
29/05/2013	598	Baixa do recibo do Padrón de lixo dun local.	10 ALCALDIA
29/05/2013	599	Baixa no servizo de comedor sobre rodas municipal.	10 ALCALDIA
29/05/2013	600	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000002 promovido por D. Francisco Domínguez Mouzo.	10 ALCALDIA
30/05/2013	601	PAGO FRACCIONADO XUROS PO 254/2008.	10 ALCALDIA
30/05/2013	602	CONCESION DE PERMISO DE FESTAS DE CORPUS E SAN ANTONIO EN BAIÑAS OS DIAS 1 E 15 DE XUÑO DE 2013.	10 ALCALDIA
30/05/2013	603	AUTOLIQUIDACION DO CANON DE SANEAMENTO e CANON DA AUGA PERIODO PRIMER CUADRIMESTRE DO ANO 2013 A FAVOR DE AUGA S DE GALICIA.	10 ALCALDIA
30/05/2013	604	Nomeamento de secretaria accidental por permiso da titular, D <sup>a</sup> Eva María Casal Sanjurjo.	10 ALCALDIA
30/05/2013	605	CONCESION DO PERMISO DE FESTAS DE FRAY DIEGO DE CADIZ E N TRASOUTEIRO O DÍA 31 DE MAIO DE 2013.	10 ALCALDIA
30/05/2013	606	Autorización para a celebración da XVIII edición do Asalto ao Castelo.	10 ALCALDIA
30/05/2013	607	Quenda de vacacións dos traballadores do servizo de recollida domiciliaria do lixo.	10 ALCALDIA
31/05/2013	608	PAGO AO ALCALDE DE IMPORTE ANTICIPADO Á NOTARÍA POLA EMISIÓN DE PODER PARA PLEITOS..	10 ALCALDIA
31/05/2013	609	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO TC/06/2013.	10 ALCALDIA
03/06/2013	610	Baixa no centro de día municipal.	10 ALCALDIA
03/06/2013	611	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
03/06/2013	612	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
03/06/2013	613	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
03/06/2013	614	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
04/06/2013	615	Autorización para uso dun aula no Edificio de servizos múltiples, presentada por Galcofor, S.L..	10 ALCALDIA
04/06/2013	616	APROBACION DE GASTO POR COTIZACIONES DE MUFACE E COTAS D E CLASES PASIVAS MES MAIO/2013 DO ALCALDE D. MANUEL ANTELO PAZOS..	10 ALCALDIA
05/06/2013	617	APROBACION DE GASTOS.	10 ALCALDIA
05/06/2013	618	Solicitud de convocatoria de pleno extraordinario formada polos sres concelleiros Dna Mónica Rodríguez Ordóñez, D. José Manuel Rodríguez Blanco, D. Montserrat Vázquez Miñones e D. Juan Carlos Amad.	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descrición	Órgano de Goberno
05/06/2013	619	Alta por nacemento no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
05/06/2013	620	Solicitude de axudas destinadas á habilitación e mellor a de infraestruturas do parque empresarial.	10 ALCALDIA
06/06/2013	621	Solicitude de axudas destinadas á revitalización do comercio de proximidade e potenciación para realizar o proxecto de mellora do mercado ambulante de Vimianzo.	10 ALCALDIA
06/06/2013	622	Solicitude de subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar no Concello de Vimianzo.	10 ALCALDIA
06/06/2013	623	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
06/06/2013	624	Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000089 promovido por D. Manuel Trillo Caamaño.	10 ALCALDIA
06/06/2013	625	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000003 promovido por D. Manuel Castiñeira Oanes.	10 ALCALDIA
06/06/2013	626	Expediente de licenza de obra núm. 2013/U009/000007 promovido por D.ª María Luz Vilariño González.	10 ALCALDIA
06/06/2013	627	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000016 promovido por D.ª Lucinda Fidalgo Rodríguez.	10 ALCALDIA
06/06/2013	628	Baixas de cambio de país por incidencias contidas no fichero H15092FA.513.	10 ALCALDIA
06/06/2013	629	Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000090 promovido por D. José Varela Romero.	10 ALCALDIA
06/06/2013	630	Solicitude de axudas para o programa de cooperación 2013.	10 ALCALDIA
07/06/2013	631	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
07/06/2013	632	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
07/06/2013	633	Solicitude de permiso de lactancia formulada polo funcionario D. José Luís Caamaño Domínguez.	10 ALCALDIA
07/06/2013	634	Nomeamento de secretario accidental por vacacións, D. José Domingo Rodríguez Ferreira.	10 ALCALDIA
08/06/2013	635	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
10/06/2013	636	Axudicación do contrato menor para a execución das obras de reparación de camiño da Mina no lugar de Orbellido, parroquia de Baíñas..	10 ALCALDIA
10/06/2013	637	Aprobación do padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2013.	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
10/06/2013	638	Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093A033002460000QU promovida por D. José Espasandín Andrade.	10 ALCALDIA
10/06/2013	639	Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093A002007600000QX promovida por D.ª Consuelo Romar Castiñeira.	10 ALCALDIA
10/06/2013	640	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000001 promovido por D. Evaristo José Vidal Fuentes.	10 ALCALDIA
10/06/2013	641	Proposta de adjudicación da licitación do servizo para a execución do proxecto "Do Mar á Terra. Anualidade 2013".	10 ALCALDIA
10/06/2013	642	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
11/06/2013	643	Aprobación do padrón do servizo municipal de auga e sumidoiros correspondente ao 1º trimestre do ano 2013.	10 ALCALDIA
11/06/2013	644	Modificación de datos persoais no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
12/06/2013	645	Solicitud de permiso de lactancia formulada pola trabailladora Dona Carmen Esperanza Vázquez Santos.	10 ALCALDIA
12/06/2013	646	Autorización para celebración de voda civil no concello promovida por D.ª Silvia Lopez Insua.	10 ALCALDIA
12/06/2013	647	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
12/06/2013	648	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
13/06/2013	649	Solicitud de axuda para o Obradoiro de Emprego Terra de Soneira 2013-2014.	10 ALCALDIA
13/06/2013	650	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
14/06/2013	651	Solicitud de colaboración para as festas de Tines.	10 ALCALDIA
14/06/2013	652	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
14/06/2013	653	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS, NA LIÑA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL, ANUALIDADE 2013.	10 ALCALDIA
14/06/2013	654	ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS, NA LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL, ANUALIDADE 2013.	10 ALCALDIA
17/06/2013	655	ORDE DE PAGAMENTO.	10 ALCALDIA
17/06/2013	656	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
17/06/2013	657	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
17/06/2013	658	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
17/06/2013	659	APROBACIÓN DE GASTOS CORRESPONDENTE Á LIQUIDACION DE XURROS E AMORTIZACIÓN DO PRÉSTAMO FORMALIZADO NA ENTIDADE BANCO SANTANDER SA..	10 ALCALDIA
17/06/2013	660	Arquivo do expediente de autorización para dar de baixa o enganche de auga e a recollida do lixo da vivenda situada no lugar de Manlle, 9, Bañas, promovido por D.ª María José Santos Gándara..	10 ALCALDIA
17/06/2013	661	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
18/06/2013	662	Declaración como servizo público esencial aos efectos do disposto no artigo 3.2 do RDLey 20/2011, do 30 de decembro.	10 ALCALDIA
18/06/2013	663	Aprobación das bases de selección de dous socorristas para a piscina municipal, doce peóns de desbroce para o acceso aos núcleos de poboación e dous condutores do vehículo motobomba municipal.	10 ALCALDIA
18/06/2013	664	Modificacións en inscricións de habitantes referentes a incidencia 140 do ficheiro H15092IA.613.	10 ALCALDIA
18/06/2013	665	Modificacións en inscricións de habitantes referentes a incidencia 135 do ficheiro H15092IA.613.	10 ALCALDIA
18/06/2013	666	Baixas de cambio de municipio e defuncións do ficheiro H15092IA.613.	10 ALCALDIA
18/06/2013	667	Autorización para a celebración das cacheiras de San Xoa n.	10 ALCALDIA
18/06/2013	668	RECOÑECIMENTO E ORDEACIÓN DE PAGO SUBVENCIÓN A VEHÍCULO S COSTA S.L.	10 ALCALDIA
19/06/2013	669	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000004 promovido por D. José Rama González.	10 ALCALDIA
19/06/2013	670	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000006 promovido por D. José Vecino Mancebo.	10 ALCALDIA
19/06/2013	671	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000008 promovido por D.ª Carmen Vázquez Pérez.	10 ALCALDIA
19/06/2013	672	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000013 promovido por D. Manuel Rojo Sanmartín.	10 ALCALDIA
19/06/2013	673	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000019 promovido por D. Nestor Romero Andrea.	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
19/06/2013	674	Concesión de praza na vivenda comunitaria municipal.	10 ALCALDIA
19/06/2013	675	Expediente de licenza de obra núm. 2013/U009/000027 pro movido por D. Antonio Lmea Castiñeira.	10 ALCALDIA
19/06/2013	676	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000023 promovido por Denise Wittig.	10 ALCALDIA
19/06/2013	677	Expediente de licenza de obra núm. 2013/U009/000026 pro movido por D.ª María Teresa Motos Alvarez.	10 ALCALDIA
19/06/2013	678	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000029 promovido por D. José Rey Gómez.	10 ALCALDIA
19/06/2013	679	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000030 promovido por D. Emilio Mouzo Pose.	10 ALCALDIA
19/06/2013	680	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000033 promovido por D. Manuel Roget Espasandín.	10 ALCALDIA
19/06/2013	681	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000034 promovido por D. Faustino Vilarino López.	10 ALCALDIA
19/06/2013	682	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000035 promovido por D.ª Estrella García Alvite.	10 ALCALDIA
19/06/2013	683	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000036 promovido por D. Cándido Vidal Amigo.	10 ALCALDIA
19/06/2013	684	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000042 promovido por D.ª María Cristina Landeira Pazos.	10 ALCALDIA
19/06/2013	685	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
19/06/2013	686	ABONO LIQUIDACIÓN MULTAS E SANCIONES NON TRIBUTARIAS.	10 ALCALDIA
19/06/2013	687	Modificación de datos persoais no padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
19/06/2013	688	Solicitude de axudas para o soterramento de infraestructuras eléctricas.	10 ALCALDIA
19/06/2013	689	CONCESIÓN DO PERMISO DE FESTAS DE SAN XOAN DE CARANTOÑA O DÍA 21/06/2013.	10 ALCALDIA
19/06/2013	690	Expediente licenza de obra núm. 2013/U009/000025 promovido por D. Cándido Pais Méndez.	10 ALCALDIA
19/06/2013	691	Cambio de titularidade dos recibos da taxa de lixo.	10 ALCALDIA
20/06/2013	692	Nomeamento de alcalde accidental ó primeiro tenente de alcalde D. Fernando Mancebo Amigo.	10 ALCALDIA
20/06/2013	693	APROBACION DE GASTOS.	10 ALCALDIA
20/06/2013	694	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
21/06/2013	695	CONCESION PERMISO PARA CELEBRACION DUN FESTIVAL O DIA 2 2/06/13 XUNTO AO APARCADOIRO DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIP AL DE VIMIANZO.	10 ALCALDIA
21/06/2013	696	Autorización para a celebración de cachelas en San Xoán	10 ALCALDIA
25/06/2013	697	Baixa no Padrón de habitantes por defunción.	10 ALCALDIA
25/06/2013	698	Alta no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
25/06/2013	699	Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.	10 ALCALDIA
26/06/2013	700	Nomeamento de secretario accidental de D. José Domingo Rodríguez Ferreira.	10 ALCALDIA
26/06/2013	701	Autorización para a celebración de cachelas en San Pedro. o.	10 ALCALDIA
26/06/2013	702	Aprobación da certificación núm. 6 da obra Saneamento integral no núcleo da Piroga, parroquia de Bamiro, por importe de 12.333,31 euros.	10 ALCALDIA
26/06/2013	703	Aprobación da listaxe provisional de admitidos e excluídos e a composición do tribunal no proceso de selección de dous socorristas.	10 ALCALDIA
26/06/2013	704	Corrección de erro cometido na Resolución núm. 349 de solicitude da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.	10 ALCALDIA
26/06/2013	705	Aprobación da composición do tribunal nos procesos de selección de dous condutores de vehículo motobomba e dous peóns de desbroce.	10 ALCALDIA
26/06/2013	706	Aprobación da listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección de dous condutores de motobomba.	10 ALCALDIA
26/06/2013	707	Aprobación da listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección de doce peóns de desbroce.	10 ALCALDIA
27/06/2013	708	Taxa por prestación de servizos e realización de actividades na utilización do dominio público marítimo-terrestre do proxecto de Reparación e mellora de vías rurais en Cereixo..	10 ALCALDIA
27/06/2013	709	Taxa por tramitación de autorización de proba deportiva en vías públicas (Día da bicicleta do Concello de Vimi	10 ALCALDIA



LISTADO DE DECRETOS

Data Dec.	Número	Descripción	Órgano de Gobierno
27/06/2013	710	Solicitude de axudas para voluntariado xuvenil. anzo).	10 ALCALDIA
28/06/2013	711	Nómina salarios do mes de xuño 2013.	10 ALCALDIA
28/06/2013	712	Nomeamento de secretario accidental de D. José Domingo Rodríguez Ferreira.	10 ALCALDIA
28/06/2013	713	Servizo de escola infantil municipal (alta no servizo c omplementario de comedor).	10 ALCALDIA
28/06/2013	714	Servizo de escola infantil municipal (baixa voluntaria)	10 ALCALDIA
28/06/2013	715	Servizo de escola infantil municipal (alta no servizo c omplementario de comedor).	10 ALCALDIA
28/06/2013	716	CONCESION PERMISO FESTAS SAN PEDRO DE BERDOIAS DIAS 29 E 30 XUÑO E 1 DE XULLO 2013.	10 ALCALDIA
28/06/2013	717	Aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluíd os, a composición do tribunal e nomeamento de personal asesor no proceso de selección de dous socorristas.	10 ALCALDIA
28/06/2013	718	Autorizar o inicio da obra Adaptación e reforma de soto no edificio do centro sociocultural en Baiñas (POS adi cional 1/2011).	10 ALCALDIA
28/06/2013	719	Aprobación da listaxe definitiva de admitidos no proces o de selección de dous condutores de motobomba.	10 ALCALDIA
28/06/2013	720	Aprobación da listaxe definitiva de admitidos no proces o de selección de doce peóns de desbroce.	10 ALCALDIA

